

## XIV MAÑÁS DE CAMPAMENTO: CAMPAMENTOS QUE CONCILIAN 2013

### INICIO DO PRAZO DE SOLICITUDE DE PRAZA

#### DO 15 AO 19 DE ABRIL

O Concello de Culleredo presenta a oferta de campamentos de verán 2013 e anuncia a apertura do prazo para a solicitude de praza.

As actividades que se programan ofrecen unha alternativa de lecer para os nenos e nenas nos meses de verán, á vez que proporcionan un servizo de conciliación demandado cada ano polas familias dos pequenos.

Para tentar adaptarse ás necesidades do maior conxunto poboacional, a Concellería de Educación oferta as seguintes **modalidades** de campamentos:

- Campamento de 5 semanas (do 25 de xuño ao 26 de xullo)
- Campamento de 5 semanas (do 29 de xullo ao 30 de agosto)
- Campamentos de 2 semanas:
  - Do 1 ao 12 de xullo
  - Do 15 ao 26 de xullo.

Os **lugares** onde terán lugar os campamentos serán os seguintes:

- Para os participantes matriculados no curso actual na etapa de Educación Infantil:
  - CEIP Ría Do Burgo
  - CEIP Isaac Díaz Pardo
- Para os participantes matriculados no curso actual na etapa de Educación Primaria:
  - CEIP Sofía Casanova

O **horario** das actividades comprenderá desde as 9:00 ata as 14:00 horas. O Concello disporá como servizo complementario e opcional o xantar, en horario de 14:00 a 15:30 horas.

Para favorecer na medida do posible a conciliación familiar e laboral, os campamentos iniciaranse o primeiro día non lectivo de vacacións estivais e prolongaranse ata o último venres de agosto.

Os programas que se realizarán conterán actividades pedagóxicas de carácter convivencial e formativo-educativo, nun marco no que predominan os valores de igualdade, corresponsabilidade, respecto pola contorna ou cooperación, e que favorezan o desenvolvemento persoal a través de talleres, saídas didácticas, xogos etc.

**As solicitudes de praza, xunto coa documentación que se esixe, presentaranse no Servizo municipal de Educación (edificio do Conservatorio municipal de música) desde o día 15 ata o 19 de abril, en horario de 9:00 a 14:00 horas.**

Os campamentos diríxense a todas aquelas familias empadroadas en Culleredo con menores matriculados en Educación Infantil e Primaria que necesiten conciliar a súa vida familiar e laboral. Terán preferencia para o acceso as **familias empadroadas en Culleredo e aquelas que acrediten a necesidade de conciliación.**